

Estudo do mercado laboral. Galicia 2005 ◦◦◦



EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Maria Luisa Mallo Fernández
Reyes Gámez Guardiola

EQUIPO TÉCNICO:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Marta Bermúdez de Santiago
Ricardo Fernández López
Rosa M^a Fernández Fernández
Diego Loureda Couceiro
Esther Sánchez González
M^a Belén Yáñez Barge

EQUIPO AUXILIAR:

M^a Jesús Iglesias Ferreiro

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

DEPÓSITO LEGAL:

C-2157-06

ISSN:

1579-5675

Índice ◦◦◦



1. INTRODUCCIÓN	7
2. ANÁLISE	19
2.1. Perfil sociodemográfico	19
2.2. Contratos	23
2.3. Demandas	30
2.4. Ofertas	33
3. ANEXO TÁBOAS	39
3.1. Táboas de contratos	39
3.2. Táboas de demandas	51
3.3. Táboas de ofertas	57
3.4. Tecido empresarial	60

1.- INTRODUCCIÓN AO ESTUDO DO MERCADO LABORAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O informe do mercado laboral é elaborado polo **Observatorio das Ocupacións**, servizo do Instituto Galego das Cualificacións, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao Servizo Público de Emprego e ás institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, da orientación e da formación profesional. Ten como misión principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para deseñar as políticas de Formación Profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Os **obxectivos** fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes:

Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da Comunidade Autónoma galega, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo.

Mostrar a evolución temporal experimentada en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa idoneidade ou a súa dispoñibilidade.

Permitir, á súa vez, a comparación entre cada unha das catro provincias galegas.

Estes tres obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de *informar acerca da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

Neste ano hai un cambio de estrutura con respecto ás edicións anteriores, aparecendo en primeiro lugar as conclusións resultantes da análise e en segundo lugar un anexo cos datos das distintas variables.

1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos. A información presentada en cada un destes bloques é consecuencia dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- Determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes apartados expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

□□□ 1.1.1.- Perfil sociodemográfico

Neste ano tomouse a decisión de facer tan só unha primeira aproximación aos datos de poboación activa, parada e ocupada do ano 2005, xa que, ao estaren contidos na EPA que publica o Instituto Galego de Estatística tanto os datos para a nosa Comunidade Autónoma como as definicións e a metodoloxía, pensouse en non reproducilos para non ser reiterativos.

□□□ 1.1.2.- Tecido empresarial

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego; porque, ademais, considera a totalidade dos sectores económicos, e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécense a través de táboas e gráficos estruturados segundo dous epígrafes: un dedicado á situación actual das citadas variables e outro sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer sobrevalorada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais que, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgunhas empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo o epígrafe de “traballadores”, os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, dos empregados de fogar continuos, dos traballadores por conta propia agrícolas, dos traballadores por conta propia do mar e dos empregados de fogar discontinuos. Así, os autónomos inclúen só os traballadores pertencentes a este réxime especial.

□□□ 1.1.3.- Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. No eido da economía, oferta e demanda utilízanse de forma contraria a como se fai no ámbito dos profesionais relacionados coa Consellería de



Traballo. Convén aclarar, polo tanto, que neste documento se adopta, loxicamente, a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á introdución voluntaria nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia do currículo dun traballador, sexa ou non parado estrito, para solicitar destes órganos unha intermediación de cara ao emprego; e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudo da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos demandantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Dentro dos demandantes distinguimos entre parados e non parados. O colectivo de parados refírese exclusivamente ao paro rexistrado, entendendo por este o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo INEM existente o último día de cada mes, excluíndo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo da demanda provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros. Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a súa comparación temporal.

□□□ 1.1.4.- Ofertas

Estúdanse neste punto as ofertas de emprego, entendidas como aquelas peticións de currículos por parte das entidades empresariais rexistradas en todos os ámbitos do Servizo Público de Emprego de Galicia, que inclúe tanto as ofertas rexistradas nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación.

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

□ □ *Ofertas rexistradas-2005. Evolución:* Estudo do repartimento das ofertas entre as catro provincias da Comunidade Autónoma, no que se reflicten tanto as rexistradas nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación. Achéganse datos tamén da evolución das ofertas no período comprendido entre 2001 e 2005, aínda que a posta en marcha dun novo método de procedemento para o rexistro das ofertas en 2005, diferente respecto a anos anteriores, onde existían dúas bases de datos distintas fronte á única que existe actualmente para o seu rexistro, e a nova maneira de contar as ofertas, que inclúe só o número de ofertas rexistradas, impiden facer unha análise da evolución. Nas próximas edicións deste estudo, cando dispoñamos xa de datos de varios anos segundo os novos procedementos, poderase facer unha análise destes.

□ □ *Ofertas segundo os sectores de actividade económica:* Reflicte o repartimento da totalidade das ofertas por provincias e sectores económicos, así como a súa evolución (2001/2005).

□ □ *Análise ocupacional:* Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas no Servizo Público de Emprego de Galicia nos últimos tres anos.

□ □ □ **1.1.5.- Contratos**

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2005. Utiliza para a súa análise a base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización inclúe seis apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2001 ao 2005.

1.2.- Definicións e taxas

As taxas utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- Variación interanual: É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior $x-1$, dividido polo número de ofertas do $x-1$ e multiplicado por 100.

É dicir, a variación entre os anos 98/99 obteríase do seguinte xeito ⁽¹⁾:

$$\% \text{ Var. interanual}_{98-99} = \frac{O_{99} - O_{98}}{O_{98}} \times 100$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior:

- Variación media anual: Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos O_{2000} e O_{1998} ao número de ofertas nos anos 2000 e 1998, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte ⁽²⁾:

$$\% \text{ VMA} = \left[\sqrt[2]{\frac{O_{2000}}{O_{1998}}} - 1 \right] \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso $3-1=2$, o que implica unha *raíz cadrada*)

Obteríamos deste xeito o crecemento medio acadado nos tres anos estudados ⁽³⁾.

Clasificación das ramas de actividade económica:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase no CNAE 93, con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

⁽¹⁾ Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

⁽²⁾ Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

⁽³⁾ Os exemplos citados fan referencia á parte das ofertas, aínda que serían igualmente válidos para explicar a parte de contratación laboral. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media sería calculada como unha raíz cuarta.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, asemade, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

sector económico	subsector económico
PRIMARIO	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria Electricidade, gas e auga
CONSTRUCCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalaría e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico Transporte, almacenamento e comunicacións Outros servizos

No derradeiro apartado, baixo a epígrafe de "outros servizos", atópanse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Elabóranse tamén gráficos circulares na industria e nos servizos, cunha desagregación maior cá sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son alicerces económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións ad hoc elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE, que se denomina, segundo esta terminoloxía, como "división". Esta clasificación foi realizada polo observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc na Industria
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimentarios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTEL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletaría	OUTRAS INDUSTRIAS
19	preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe	
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc na Industria
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	OUTRAS INDUSTRIAS
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e reloxaía	
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	OUTRAS INDUSTRIAS
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	
37	reciclaxe	

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc nos Servizos
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalaría	HOSTALARÍA

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc nos Servizos
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	AA.PP.
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	
80	educación	EDUCACIÓN
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVIZOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	OUTROS SERVIZOS
95	fogares que empregan persoal doméstico	
99	organismos extraterritoriais	

2. ANÁLISE


2.1. Perfil sociodemográfico

A poboación total de Galicia no último trimestre do ano 2005 acadaba un total de 2.702.900 persoas, o que supón o 6,2% do total da poboación do Estado. Desta poboación o 46% son activos, un total de 1.251.700 persoas e 114.300 son parados.


Taxa de actividade por sexo (%). Cuarto trimestre 2005

	GALICIA	ESPAÑA
HOME	61,6	68,9
MULLER	44,9	46,9
TOTAL	52,8	57,7

Diferencial taxas de actividade. IV trimestre 2005



Taxas de actividade. IV trimestre 2005




A taxa de actividade é cinco puntos superior no Estado que na Comunidade Autónoma, aparecendo as diferenzas máis importantes nos homes e nos grupos de menor idade (de 16 a 24 anos).


Taxa de paro por sexo (%). Cuarto trimestre 2005

	GALICIA	ESPAÑA
HOME	6,5	6,6
MULLER	12,4	11,6
TOTAL	9,1	8,7

Diferencial taxas de paro. IV trimestre 2005




Taxas de paro. IV trimestre 2005




A taxa de paro é lixeiramente superior en Galicia, debido, sobre todo, ao maior desemprego que existe no colectivo feminino na nosa Comunidade.

Tanto no Estado como na Comunidade Autónoma o colectivo máis afectado polo desemprego, en función da idade, é o dos máis novos, diminuíndo a taxa de paro segundo vai aumentando a idade, ao contrario do que sucede coa taxa de actividade, que aumenta de forma proporcional ata chegar aos traballadores de 55 e máis anos, onde diminúe de xeito significativo, debido posiblemente ao comezo das xubilacións.

Diferencial taxas de emprego. IV trimestre 2005



Taxas de emprego. IV trimestre 2005



Polo que respecta á taxa de emprego, é importante sinalar que o conxunto de España supera en cinco puntos a Galicia, atopándose nos dous casos bastante lonxe das metas establecidas pola Unión Europea para o ano 2010, dentro do seu obxectivo global de lograr o pleno emprego: taxa do 70% en xeral e do 60% para as mulleres.

Como se pode observar nos datos anteriores, se se queren acadar estes obxectivos, as políticas de emprego teñen que estar expresamente dirixidas a lograr unha maior incorporación ao emprego da poboación en xeral e das mulleres en particular, debido a que a súa taxa de emprego segue a ser no noso país sensiblemente inferior á dos homes.

2.2.- Contratos

O contrato de traballo é un acordo entre o empresario e o traballador polo que este se obriga a prestar determinados servizos por conta do empresario e baixo a súa dirección a cambio dunha retribución⁽⁴⁾. Os empregadores ou empresarios teñen que comunicarlles a realización deste contrato aos servizos públicos de emprego no prazo de dez días hábiles⁽⁵⁾ desde a súa formalización, así como enviar copia básica destes. Tanto as comunicacións como as copias formalízanse nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, que proporcionan os datos para a elaboración da estatística de contratos rexistrados na nosa Comunidade Autónoma.

Segundo estas estatísticas, no ano 2005 rexistráronse en Galicia 791.228 contratos, incluíndo tanto os contratos iniciais como as conversións en indefinidos. Foi nas provincias da Coruña e Pontevedra onde se rexistrou un maior número de contratos, sumando entre as dúas o 82% da contratación total de Galicia. Tamén estas dúas provincias son as que recollen o maior número de empresas, traballadores e autónomos no ano 2005, presentando ademais os maiores crecementos medios para os cinco anos analizados nas tres variables, polo que aparecen como as provincias máis activas no mercado de traballo galego.


A evolución da contratación dos últimos cinco anos mostra un aumento do número de contratos nas catro provincias, cun crecemento medio especialmente elevado en Ourense (5,43%), malia que esta é a provincia que ten un peso porcentual menor na suma total de contratos da Comunidade (7,93%), pasando dos 50.790 contratos en 2001 aos 62.743

⁽⁴⁾ Definición tomada da web do INEM.

⁽⁵⁾ Tal e como obriga o Real decreto 1424/2002, do 27 de decembro, polo que se regula a comunicación do contido dos contratos de traballo e das súas copias básicas aos servizos públicos de emprego e o uso dos medios telemáticos en relación con aquela, modificado polo Real decreto 1715/2004, do 23 de xullo.

contratos en 2005. A provincia coa menor variación media é a de Pontevedra (1,62%), aínda que porcentualmente ocupa o segundo lugar en importancia na contratación (39,01% sobre o total de Galicia), superada só pola provincia da Coruña.

O número de contratos a mulleres é menor que o de homes, aínda que o crecemento no conxunto do período é claramente superior na contratación feminina (v.m. 5,52%). A paulatina incorporación da muller ao mercado de traballo retribuído, especialmente no ámbito do sector servizos, reflíctese na diminución da diferenza porcentual existente entre a contratación masculina e feminina ao longo dos cinco anos de referencia, que pasa do 16,78% do 2001 ao 8,14% do 2005.



Aínda que a contratación total aumenta en Galicia no último quinquenio, os contratos aos máis novos diminúen nos anos 2002 e 2005, deixando como resultando un crecemento medio negativo (-0,63%), que resulta significativo, pese a que non presenta un valor moi elevado, por ser o único grupo de idade que decrece en todo o período, talvez debido a unha prolongación dos estudos. Non hai que esquecer, porén, que nos atopamos ante un dos grupos de idade con máis volume contractual, soamente superado polo grupo de 26 a 35 anos. O colectivo que amosa un maior crecemento é o de maiores de 55 anos, aínda que o seu peso porcentual é o menos significativo do de todos os tramos de idade, seguido polo do grupo que ten entre 46 e 55 anos.

O sector primario, sector tradicional na economía galega, é o que ofrece un menor número de contratos na nosa Comunidade Autónoma, aínda que cun crecemento medio positivo do

3,53% no conxunto do período analizado, crecemento que parece deberse fundamentalmente ao eido forestal (peóns de extinción de incendios, limpeza de montes e praias, etc.). Se poñemos isto en relación coa diminución que experimenta o número de traballadores para o mesmo período, podemos concluír que estamos ante un sector con pouca estabilidade no emprego por conta allea. Non obstante, obsérvase que existe un incremento importante do número de autónomos, así como unha redución do número de empresas. Polo que respecta ao sexo, atopámonos ante un sector claramente masculino, polo menos no que ao traballo por conta allea se refire, coa porcentaxe máis reducida de todos os sectores.


O sector secundario, constituído basicamente pola industria, diminúe o seu número de contratos de forma continuada ao longo do último quinquenio. Tamén o número de empresas experimenta esta diminución, aínda que non o número de traballadores, que aumenta lixeiramente, o que podería reflectir unha certa estabilidade de emprego no sector. As actividades máis importantes son "alimentación", que acolle o 25% dos contratos do sector e "têxtil e confección" e "outras industrias", que engloban arredor do 20% do total. Na distribución por xénero dos contratos atopámonos cun lixeiro predominio dos contratos a homes, aínda que o número de contratos a mulleres é significativo, sempre sen esquecer que a presenza do sector industrial dentro da contratación total non supera o 12%.

A construción, cun peso porcentual pouco maior que o da industria, mantén unha tendencia positiva tanto na contratación como no seu tecido empresarial. O número de mulleres supera só lixeiramente ao do sector primario, manténdose o habitual predominio masculino na construción.

O sector dominante de forma absoluta na contratación galega, igual que sucede no Estado, é o sector servizos, que recolle case as tres cuartas partes dos contratos de 2005, especialmente no subsector "outros servizos", onde se engloba unha innumerable cantidade de diversos servizos que van desde a limpeza, os servizos xurídicos, os técnicos e de vixilancia, ata asesorías, contabilidades, etc. (43,93%), resultando tamén salientable a importancia do comercio e a hostalaría (20,45%), subsectores que, ademais, son predominantes en todos os compoñentes do tecido produtivo galego. A súa evolución, positiva na contratación, número de empresas, traballadores e autónomos, mostra claramente a maior importancia que os servizos teñen nas novas sociedades urbanas e do benestar, onde este sector despraza cada vez máis outros tradicionalmente importantes como a industria ou, na nosa Comunidade Autónoma especialmente, a agricultura e a pesca. O maior volume contractual dos servizos aparece nas "actividades inmobiliarias e servizos ás empresas" (32%), seguidas do "comercio excepto automoción" e "transporte e comunicacións", co 15% e 12% respectivamente. Estamos ante o único sector onde as mulleres superan aos homes no número de contratos realizados, excepto no subsector de transporte e comunicacións, cunha forte presenza masculina.

Polo que se refire á idade dos contratados, son os que teñen entre 26 e 35 anos de idade os que teñen máis peso específico en todos os sectores, diminuíndo sempre o número de contratos segundo aumentan os tramos de idade. Aínda que neste traballo aparecen recollidas as conversións de contratos temporais a indefinidos, non se computan aqueles contratos indefinidos que permanecen ao longo do tempo e que normalmente pertencen aos traballadores de maior idade, é dicir, estamos falando de contratos realizados en cada ano, non de contratados, algo que non hai que esquecer, especialmente ao analizar os grupos de máis idade.

Distribución da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2005



A temporalidade domina claramente no mercado laboral galego. Atopámonos así con que só o 10% dos contratos realizados no ano 2005 son indefinidos, incluíndo os realizados a tempo total e parcial e as conversións.

O sector servizos é o que presenta maior volume de temporalidade (arredor do 73%), aínda que tamén é o que ofrece o maior nivel de emprego e contratación. Por subsectores, é o de "outros servizos" o que amosa maior número de contratos temporais, sendo especialmente significativos os contratos temporais a tempo parcial (12,74% do total), fundamentalmente nos colectivos de mulleres e de xente nova, seguido polo subsector comercio e hostalaría, subsector especialmente sensible aos contratos temporais, debido, entre outros factores, á estacionalidade do seu emprego. Tamén na construción ten moita importancia a contratación temporal, de xeito que máis do 11% dos contratos realizados en Galicia no 2005 son contratos temporais da construción, só superada polos dous subsectores dos servizos xa mencionados.

Un dos fenómenos que contemplamos ao observar a contratación dos anos comprendidos entre 2001 e 2005 é que, mentres que os contratos indefinidos se manteñen máis ou menos estables no período, aínda que cunha lixeira tendencia á baixa, os contratos temporais nas súas distintas modalidades, con moi poucas excepcións, tenden a aumentar de forma continuada.

Ao analizar a contratación indefinida, constatamos que no caso dos contratos indefinidos ordinarios, incluídas as conversións, a presenza dos homes é moi superior á das mulleres. Así, de cada cen contratos concertados en Galicia no ano 2005 só 2,5 son contratos estables realizados con mulleres, mentres que no caso dos homes esta porcentaxe aumenta en dous puntos.

Porén, os contratos indefinidos a tempo parcial, novamente tamén no que respecta ás conversións, teñen moita máis incidencia nas mulleres, de forma que supoñen case a terceira parte dos contratos estables formalizados coas mulleres galegas, nunha proporción que triplica a correspondente aos homes.

Polo que respecta aos contratos temporais, a súa presenza é a máis significativa nos dous sexos, resultando novamente moi superior a contratación feminina na modalidade a tempo parcial.

Se observamos con máis profundidade a contratación temporal na súa modalidade a tempo parcial, observamos que é moito maior nas mulleres, malia que hai que indicar que nos dous últimos anos aumentou de forma máis importante entre os homes, posiblemente nos máis novos, traducíndose nun crecemento medio maior neste colectivo no quinquenio analizado, aínda que os contratos temporais a tempo parcial a mulleres seguen sendo moito máis numerosos, chegando case a duplicar aos dos homes.

O anterior fainos sospeitar que a diminución da diferenza porcentual existente entre a contratación masculina e feminina ao longo dos cinco anos de referencia da que falabamos anteriormente sexa unha clara consecuencia da contratación temporal, especialmente a tempo parcial, o que nos fai cuestionar cal é a calidade do emprego feminino no mercado laboral galego, por tratarse dun emprego pouco estable e en moitos casos a tempo parcial, que non dá a impresión de ser resultado dunha elección voluntaria da traballadora, e si máis ben a única saída ante a imposibilidade de atopar un traballo a xornada completa.

Desde a perspectiva da idade, vemos que é o colectivo de entre 26 e 35 anos o que recolle as porcentaxes máis elevadas en todas as modalidades contractuais, excepto nos de for-

mación e nos temporais a tempo parcial. Estes dous tipos de contratacións recollen os valores absolutos máis elevados nos grupos de menos idade, especialmente no colectivo de menores de 26 anos, o que pode indicar que poden funcionar como unha modalidade contractual de acceso ao emprego, diminuíndo o seu número cando maior é a idade.

Polo que respecta á análise ocupacional da contratación, e tomando como referencia os grandes grupos da contratación da Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-94), podemos concluír que os grandes grupos con maior contratación son o de traballadores non cualificados (28,14%), o de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (21,33%) e o de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría (15,31%).

No primeiro e no último predominan os traballadores masculinos, mentres que no segundo é moito maior o número de traballadoras, resultando ser, xunto cos empregados de tipo administrativo e o grupo de técnicos e profesionais, científicos e intelectuais, un dos tres grupos onde o número de contratos a mulleres supera claramente ao de homes. Novamente o sector servizos recolle a contratación feminina.

A mesma conclusión podemos extraer se observamos a ratio de masculinidade das distintas ocupacións, é dicir, se poñemos en relación o número total de contratos co número de contratos relacionados a homes. Así, as ocupacións cunha ratio de masculinidade baixa, determinante por tanto dunha maior contratación feminina, pertencen tamén aos servizos (auxiliares de enfermaría, enfermeiras, persoal de limpeza, guías e azafatas, dependentes, etc.), resaltando tamén algunhas ocupacións da industria como operadoras de máquinas de coser ou traballadoras da industria cárnica e do peixe que pertencen a actividades da industria tradicionalmente femininas (conserveiras e téxtil).

Ratios de masculinidade altas e, polo tanto, importante concentración de contratación masculina aparecen en ocupacións da construción (albaneis, peóns, carpinteiros, traballadores en formigón, etc.) e noutras como condutores de camión ou pescadores de altura.

Podemos concluír, xa que logo, que o xénero é un dos factores determinantes á hora de contratar, tanto desde a perspectiva da ocupación como do gran grupo.

Relacionamos a continuación as 30 ocupacións máis contratadas entre os anos 2001 e 2005, resaltando en negra aquelas que están entre as 30 máis contratadas en cada un dos anos.


30 ocupacións máis contratadas	2001	2002	2003	2004	2005
Peóns de industrias manufactureiras	86.051	92.017	92.832	94.563	89.318
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	55.841	54.428	58.199	65.591	63.880
Taquígrafos e mecanógrafos	27.960	34.950	36.908	34.917	33.692
Camareiros, barmans e asimilados	51.325	32.330	34.899	38.289	46.580
Peóns do transporte e descargadores	47.795	40.598	33.893	36.312	40.905
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	41.237	30.277	31.887	34.035	38.199
Albaneis e canteiros	31.367	30.515	29.618	30.342	31.216
Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	9.128	29.143	21.886	22.397	14.915
Peóns da construción de edificios	15.786	18.711	16.040	15.769	14.913
Enfermeiros	11.917	13.976	15.564	17.242	13.868
Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	14.142	13.698	15.163	13.926	17.561
Operadores de máquinas de coser e bordar	9.802	16.359	14.492	12.829	10.817
Condutores de camións	15.588	13.886	13.550	14.432	14.744
Compositores, músicos e cantantes	12.453	11.622	11.502	11.315	12.751
Médicos	3.143	12.188	10.814	12.283	7.049
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	13.957	10.119	10.508	10.976	12.668
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	14.433	7.760	10.002	11.479	13.819
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	9.181	8.785	8.813	9.366	8.863
Representantes de comercio e técnicos de venda	10.312	7.976	8.252	9.194	9.946
Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas	7.339	6.565	7.180	6.622	6.722
Fotógrafos e operad.de equip. de gravación de imaxe e son	7.954	5.399	6.667	7.718	7.056
Pescador por conta allea de altura	7.232	6.238	6.401	5.895	6.939
Soldadores e oxicortadores	5.701	5.625	6.295	5.738	5.428
Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)	5.933	5.633	6.119	5.962	5.938
Operadores de robots industriais	2.433	7.110	6.098	4.926	2.301
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	6.343	4.809	5.461	5.347	5.699
Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados	6.855	5.431	5.425	5.403	6.260
Empregados de servizos de correos (excepto empregados de portelo)	9.979	4.243	5.196	6.668	8.980
Animadores comunitarios	5.572	5.596	5.046	4.926	4.789
Electricista de construción e asimilados	4.457	5.374	4.867	4.509	4.507
Profesores de ensino secundario	5.125	4.714	4.654	4.990	5.357
Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados	5.741	3.615	3.613	4.607	4.763
Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas	5.154	3.735	4.400	6.907	6.330
Telefonistas	6.710	1.572	2.048	2.460	2.359
Guías e azafatas de terra	7.097	2.300	2.604	2.532	3.496
Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados	4.855	4.805	4.684	4.944	5.217
Vendedores a domicilio e por teléfono	7.210	3.911	4.424	5.156	9.868

2.3.- Demandas

Entendemos por demandas de emprego aqueles traballadores que se inscriben nos servizos públicos para a busca dun emprego ou mellora do que xa posúe, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para percibir unha prestación contributiva ou un subsidio.

O número total de demandantes na nosa Comunidade Autónoma a 31 de decembro de 2005 é de 223.443, dos que as tres cuartas partes pertencen ás provincias da Coruña e Pontevedra.

Deste total, case o 80% son parados, que levan aumentando de forma continuada desde o ano 2001, coa única excepción do ano 2004, en que houbo unha lixeira diminución, especialmente nas provincias da Coruña e Lugo. No 2005 os parados aumentaron nas catro provincias, sobre todo en Ourense e Pontevedra, recollendo un crecemento medio no último quinquenio para a Comunidade galega do 6,60%. O crecemento medio dos demandantes parados para o conxunto do Estado foi case un punto superior (7,50%).



Atendendo á súa clasificación por colectivos, cabe sinalar que o 61,30% dos demandantes parados son mulleres, porcentaxe que se reduce ao 57,92% nos demandantes non parados, reflectindo claramente a problemática do paro feminino común no noso territorio e no do noso contorno.

Polo que respecta á idade, o grupo de 26 a 35 anos é o que presenta porcentaxes máis elevadas no grupo dos parados, tanto nos homes como nas mulleres, supoñendo en total algo máis da cuarta parte dos parados. Nas demandantes ocupadas tamén é este grupo de idade o máis frecuente, aínda que no colectivo masculino de non parados son os maiores de 55 anos os máis numerosos.

Observamos entón que as mulleres e os mozos son os demandantes de emprego máis comúns e, polo tanto, aqueles en que as políticas de emprego deberían ser máis activas.

Máis da metade dos parados galegos (52,82%) teñen un baixo nivel de cualificación, cun nivel académico de ata certificado de escolaridade e de titulación en ensino obrigatorio. O nivel académico con menos peso porcentual nos demandantes de emprego é o dos bachareis, seguidos dos universitarios nos parados e dos titulados en Formación Profesional nos non parados.

Se temos en conta o tempo de busca de emprego dividindo os parados entre aqueles que levan na procura de emprego menos de seis meses, entre seis meses e un ano e máis dun ano, vemos que case a metade dos parados galegos levan menos de seis meses desempregados. Nos parados de longa duración son as mulleres de entre 36 a 55 anos as que recollen as porcentaxes máis elevadas, aparecendo novamente como un dos colectivos máis desfavorecidos en materia de emprego.

O sector servizos engloba máis da metade dos demandantes, aínda que tamén recolle o maior número de traballadores e de contratos. En segundo lugar aparecen os demandantes procedentes do sector secundario, en paralelo tamén á tendencia que se observa na contratación neste sector, que leva diminuíndo de forma continuada no último quinquenio, acadando un crecemento medio negativo do -4,02% no conxunto deste período.

Enuméranse a continuación as 30 ocupacións máis demandadas na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2005.

30 ocupacións máis demandadas	valor absoluto	% Galicia
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	20.014	8,96
EMPREGADO DE OFICINA	13.513	6,05
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	13.513	6,05
EXPERTO EN LIMPEZA DE INMOBLES	13.064	5,85
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	13.064	5,85
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	6.172	2,76
ASISTENTE DOMICILIARIO	4.938	2,21
AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO	4.938	2,21

30 ocupacións máis demandadas	valor absoluto	% Galicia
ALBANEL	4.489	2,01
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	4.233	1,89
COCIÑEIRO, EN XERAL	3.849	1,72
CAMAREIRO, EN XERAL	3.823	1,71
REPOÑEDOR DE HIPERMERCADO	2.881	1,29
CAIXEIRO DE COMERCIO	2.711	1,21
XARDINEIRO, EN XERAL	2.696	1,21
PINCHE DE COCIÑA	2.483	1,11
CAMAREIRA DE PISOS (HOSTALARÍA)	2.437	1,09
EMPREGADO DE FOGAR	2.335	1,05
COIDADOR DE NENOS	2.299	1,03
CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	2.287	1,02
CARPINTEIRO, EN XERAL	2.118	0,95
MOZO DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS	2.102	0,94
OPERADOR DE MÁQUINA INDUSTRIAL DE COSER Á PLANA, EXCEPTO PELETARÍA, CALZADO, MARROQUINARÍA E GUANTARÍA DE PEL	1.736	0,78
BEDEL	1.686	0,75
ORDENANZA	1.686	0,75
RECEPCIONISTA-TELEFONISTA EN OFICINAS, EN XERAL	1.668	0,75
TELEFONISTA-RECEPCIONISTA DE OFICINA	1.668	0,75
REPRESENTANTE DE COMERCIO, EN XERAL	1.536	0,69
SOLDADOR POR ELECTRODO REVESTIDO	1.533	0,69
OPERADOR DE CENTRAL TELEFÓNICA	1.533	0,69

Despois da análise das distintas variables dos demandantes de emprego, podemos concluir que o perfil tipo destes é o que segue:

Perfil tipo	categorías máis representativas	perfil tipo
	Sexo	Muller
	Grupo de idade	De 26 a 35 anos
	Nivel académico	Ata certificado de escolaridade
	Busca de emprego	Menos de 6 meses
	Actividade económica	Sector servizos
	Ocupación máis demandada	Dependente de comercio en xeral


2.4.- Ofertas

No ano 2005 temos en Galicia 36.352 ofertas de emprego, das que arredor das tres partes se localizan nas provincias da Coruña e Pontevedra, tal e como sucede tamén cos contratos e as demandas, atopándonos por tanto con dous territorios claramente máis activos na dinámica do mercado de traballo.


Polo que respecta á súa evolución, non é posible facer unha valoración dela, que mostra uns resultados máis que positivos, debido, por unha banda, á posta en marcha dun novo método de procedemento para o rexistro das ofertas no 2005, diferente respecto a anos anteriores, onde existían dúas bases de datos diferentes fronte á única que existe actualmente para o seu rexistro e, por outra, á nova maneira de contar as ofertas, que inclúe só o número de ofertas rexistradas. Nas próximas edicións deste estudo, cando dispoñamos xa de datos de varios anos segundo os novos procedementos, poderase xa facer unha análise deles.

Ademais do compoñente xeográfico, as ofertas tamén comparten coas outras variables o predominio do sector servizos. En segundo lugar aparece a construción e, en terceiro, o sector secundario, paralelamente ao que sucede cos contratos, é dicir, as ofertas dos empresarios coinciden cos contratos realizados por estes. Porén, os demandantes de emprego son máis numerosos na industria que na construción, mostrando un lixeiro desencontro coa realidade da contratación.

Dentro do sector servizos, a porcentaxe máis elevada de ofertas aparece no subsector da hostalaría (19%), seguido do comercio excepto automoción (18%) e das actividades inmobiliarias e servizos ás empresas (15%).



No sector secundario o maior número de ofertas aparece nas seguintes actividades: outras industrias (29%), metalurxia e fabricación de produtos metálicos (20%) e alimentación (15%).



Do total das ofertas recollidas en Galicia no ano 2005, tan só o 29% especifican o sexo como requisito para ocupar un determinado posto de traballo.

Facendo unha análise pormenorizada dos sectores de actividade económica, é salientable o feito de que na construción e no sector primario o predominio das solicitudes a homes sexa case absoluto.

No sector secundario aparece xa un número importante de solicitudes para mulleres, superando aos homes nas ofertas procedentes do téxtil e confección, mentres que nos servizos a presenza feminina é predominante, especialmente nos subsectores de hostalaría e servizos á comunidade.

Polo que respecta ao nivel académico, cómpre sinalar que o 18% das ofertas de emprego do último ano indicaban un determinado nivel académico como requisito indispensable para acceder á oferta. O nivel máis demandado é o de Bacharelato (39%), seguido do de Formación Profesional (21%).

As actividades do sector secundario que demandan máis bachareis e titulados en Formación Profesional son "outras industrias", e nos servizos son "hostalaría" e "administracións públicas" respectivamente.

Relacionamos a continuación as ocupacións máis ofertadas nos últimos tres anos:

